

O noso centro está participando no Programa **“Donas de si”**, dependente da Secretaría Xeral de Igualdade. Este programa enmárcase no Plan Proxecta 2018-2019, iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración con outros organismos, e dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros.



Este proxecto permite que o alumnado de 1º da ESO traballe a igualdade de xénero a través de diversas actividades organizadas polos súas profesoras Tania Vázquez García, profesora de Lingua Galega e Literatura e Beatriz López López, profesora de Lingua Castelá e Literatura.

A Secretaría Xeral da Igualdade pon a disposición do centro para o desenvolvemento do programa a *Exposición de fotos do premio "María Josefa Wonenburger"*. A muller que dá nome a este premio foi unha matemática galega de prestixio internacional, considerada a nai da teoría de Kac-Moody, álxebras con moitas aplicacións en distintos campos das Matemáticas e da Física.

Dende o ano 2007 a Unidade Muller e Ciencia outorga este premio que leva o seu nome para recoñecer a mulleres galegas que dedican a súa vida profesional a algún campo específico da ciencia ou da tecnoloxía. Precisamente, as mulleres galardoadas ata o de agora serán aquelas que coñeceredes a través dos paneis desta exposición.

Paralelamente a esta exposición o alumnado de 1º de ESO vén de rematar unha liña do tempo que leva por título **“Pegadas de muller”** na que se representaron diferentes mulleres que fixeron historia noutros áreas do coñecemento, non só da tecnoloxía e da ciencia. Previamente a esta actividade o alumnado reflexionou sobre que homes e mulleres fixeran historia e formaban parte do seu maxín. Os dispares resultados, e tamén sorprendentes, foron visualizados nunhas nubes de palabras que amosan os poucos nomes de mulleres distinguidas que coñecen. Fronte a esta realidade os nomes de homes célebres son moito máis abundantes.

Aprendede destas trece mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo e que abriron e abrirán camiños a moitas outras!